


## Módulo OPAC de consulta na web: [www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org)

O Meiga permite a publicación do noso catálogo no sitio web [www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org) mediante a opción ‘Utilidades – Recursos en Internet – Publicar catálogo en Internet’.



O primeiro paso para realizar a publicación do noso catálogo é indicar a ruta do arquivo de base de datos. Permítese o envío do arquivo completo ou só dos últimos cambios realizados dende unha data determinada. Normalmente, envíase unha copia completa cada 15 días e diariamente só os últimos cambios realizados. Prema no botón ‘Enviar’ para iniciar o proceso de copia no servidor. O envío realízase utilizando o protocolo de transferencia de arquivos FTP. Téñase en conta que os sistemas de protección antivirus, firewalls, etc. poden dar lugar a problemas de conexión. De producirse algún erro durante a copia desactive temporalmente o antivirus o firewall que teña instalado e repita o proceso.

Unha vez realizada a copia da base de datos no servidor xa se pode consultar no sitio web da **Rede de Bibliotecas de Galicia** [www.opacmeiga.rbgalicia.org](http://www.opacmeiga.rbgalicia.org). Neste sitio ofrécese o acceso a preto de 750 catálogos doutras tantas bibliotecas das que máis de 450 son de centros de ensino, 215 son municipais e o resto corresponden a fundacións, museos e outras institucións.



Para acceder ao catálogo da nosa biblioteca seleccionaremos na lista despregable ‘Grupo’ o valor ‘Centros de ensino’. A continuación seleccionamos na lista ‘Biblioteca’ a entrada correspondente ao noso centro e picamos en ‘Entrar na biblioteca’ (a lista está ordenada por localidades).

Tamén é posible dispor dunha ligazón directa tecleando no navegador:

‘<http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/ResultadoBusqueda.aspx?CodigoBiblioteca=?????&Valores=Incorporacions>’ donde ?????? corresponde ao código da biblioteca. Utilice este formato para poñer unha ligazón directa a súa biblioteca dende a páxina web do seu centro.

A pantalla inicial que se presenta dependerá da biblioteca e presentará ou ben as últimas novidades rexistradas ou a pantalla de selección de rexistros a partir dos centros de interés mediante iconas.

A pantalla de últimas novidades:



A pantalla de selección mediante centros de interesse:

Faga clic nas imaxes que identifican as diferentes seccións ou centros de interese ata chegar á lista de rexistros do resultado.



[Bibliotecas](#) [Catálogo referencia](#) [Axuda](#) [Suxestións](#) [Sitio Meiga](#) [Contactar](#)



**◆ A túa biblioteca**

- ▶ Información
- ▶ Fondos
- ▶ Os máis emprastados
- ▶ Novidades
- ▶ Novas e anuncios

**◆ Buscar información**

Tipo

Valor a buscar

Título

- ▶ Explorar na biblioteca
- ▶ Bibliotecas no concello
- ▶ Bibliotecas na comarca
- ▶ Portal da rede

**◆ Buscar na web**

- ▶ Metabuscador
- ▶ Autores galegos
- ▶ Biblioteca Virtual Galega
- ▶ Biblioteca dixital de Galicia
- ▶ Recursos elect. en liña
- ▶ Intute
- ▶ Webs recomendadas
- ▶ Buscadores web
- ▶ O ourizo azul
- ▶ Buscadores web nenos
- ▶ Outros catálogos
- ▶ C.S.B.G.

**◆ Xestións en liña**

- ▶ Solicitude carnet
- ▶ Renovación carnet
- ▶ Reservas exemplares
- ▶ Suxestións

**◆ Usuarios Meiga**

- ▶ Opinións lectores
- ▶ Foro Meiga
- ▶ Opcións admon.

O acceso ás principais opcións que se ofrecen no sitio realízase mediante ligazóns xerais (situadas na cabeceira) ou específicas da biblioteca seleccionada (no lateral esquerdo).

A opción '*Bibliotecas*' permítenos voltar á pantalla inicial de selección da/s biblioteca/s a tratar. Especial relevancia ten a opción '*catálogo de referencia*' que accede a un compendio de rexistros seleccionados para ser descargados por parte dos usuarios das bibliotecas da rede Meiga.

En referencia as opcións da marxe esquerda ou específicas, distínguense varios grupos de ligazóns. En primeiro lugar, o grupo '*A túa biblioteca*' inclúe as ligazóns seguintes:

- Información: Imaxe, enderezo, horario, ligazón web, email e texto descritivo.
- Fondos: Reconto de rexistros, títulos, autores, autoridades, materias, CDUs, etc.
- Os máis emprastados: Rexistros máis emprastados dende o 01 de xaneiro do ano en curso.
- Novidades: Últimas incorporacións ao catálogo
- Novas e anuncios: Novidades de interese.

En segundo lugar, o grupo '*Buscar información*' permítenos facer unha busca; simplemente hai que indicar tres ou máis caracteres e premer no botón '*Buscar*'. Ofrécese tres tipos de busca:

- Lista alfabética

- Frase ou texto
- Frase exacta

E permítese a busca polos campos: **Título, Autor, Materia, Serie, CDU, Editorial e ISBN.**

- **Lista alfabética:**

Recupera a lista alfabética a partir da/s palabra/s introducida/s como termo/s de busca no campo seleccionado. O valor indicado asumirase ao comezo do campo indicado.



Seleccione o valor desexado da lista para obter a relación de rexistros asociados.

- **Frase ou texto:**

Recupera os rexistros que conteñan a/s palabra/s introducida/s como termo/s de busca no campo seleccionado independentemente da súa ubicación.



- **Frase exacta:**

Recupera os rexistros que conteñan exactamente a/s palabra/s introducidas como termo/s de busca no campo seleccionado.

## Exemplos de buscas

### *Busca por título:*

Temos que introducir o título completo ou parte. Se introducimos parte, esta corresponderá ao comezo do título e cun mínimo de tres caracteres. *Sempre sen o artigo inicial.*

**Lingua das bolboretas** e non **A lingua das bolboretas**

**Misterio dos fillos de Lúa** e non **fillos de Lúa**

### *Busca por autor:*

Neste tipo de busca, *sempre a partir do primeiro apelido.*

**Rivas**

**Rivas, Manuel** e non **Rivas Manuel**

**López Pérez**

Pódese buscar tamén o nome dunha organización ou dun congreso.

## **Consellería de Educación**

## **ONCE**

### ***Busca por materia:***

Introducimos a palabra que define o tema que nos interesa, tamén son materias nomes de persoas, entidades, congresos e títulos. Se introducimos parte, esta corresponderá ó comezo da materia e cun mínimo de tres caracteres.

## **Galicia**

## **Arquitectura**

### ***Busca por serie:***

Introducimos a palabra a buscar e seleccionamos o campo serie. Se introducimos parte, esta corresponderá ao comezo da serie e cun mínimo de tres caracteres. No campo da descrición da serie tamén forma parte o artigo se o tivera.

**A nosa memoria** e non **nosa memoria**

**Biblioteca das Letras Galegas** e non **Letras Galegas**

### ***Busca por CDU:***

Introducimos a CDU completa ou o comezo. Sempre cun mínimo de tres caracteres.

**869.9-1**

**869** e non **86**

### ***Busca por editorial:***

Introducimos o nome do editor comercial. non deben usarse os termos edicións, editorial, editores.

**Alianza** e non **Alianza editorial**

### ***Busca por ISBN:***

Introducimos o número completo ou o comenzo. Sempre cun mínimo de catro caracteres.

**84-7680-311-7**



**84-76** e non **84-**

## Resultado da consulta

Unha vez presentada a lista de rexistros resultado da busca podemos navegar por ela picando en ‘Seguinte,’ ‘Anterior’ para acceder á páxina seguinte ou anterior, ou obter a relación desglosada por soportes, idiomas e seccións picando en ‘[Desglose por: Soportes, idiomas e seccións]’.

Páxina 1 de 24  Seguinte [Desglose por: Soportes, idiomas e seccións]

Como resultado do desglose por soportes, idiomas e seccións obteremos un panel cos resultados do desglose que inclúen ligazóns a cada un dos grupos do desglose.

Desglose por tipos de documento:  Libros 49  Música impresa 1  
Desglose por idiomas:  gao 8  eng: Inglés 1  spa: Español 28  glg: Gallego 13  
Desglose por seccións: Sen determinar 50

Cando a lista de rexistros do resultado é grande se poden facer subconsultas no mesmo utilizando o panel ‘Filtrar no resultado’ que nos permite obter os títulos, autores ou materias que comeceñ por unha letra determinada.

| Filtrar no resultado                                                                                                                                |                                                                                                                                             |
|-----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| Indique o campo de busca e a letra de inicio: <input checked="" type="radio"/> Títulos <input type="radio"/> Autores <input type="radio"/> Materias |                                                                                                                                             |
| #                                                                                                                                                   | A B C D E F G H I J K L M N Ñ O P Q R S T U V W X Y Z  |

Cada un dos rexistros da lista do resultado está composto dunha serie de valores que inclúen o título (en cor azul), autor/es, materias, CDUs series editoriales, localización (signaturas) o estado (se está dispoñible ou emprestado) e o número de rexistro. Premendo no título accederemos a descrición completa de todos os datos que o forman. O resto de datos conforman un grupo de ligazóns que nos permiten facer unha nova busca dos rexistros asociados a cada un dos autores, materias, series, CDUs, etc. Na parte inferior atopamos outro grupo de ligazóns que nos permiten reservar o exemplar ou ver as opinións rexistradas do libro, rexistrar unha nova opinión ou ampliar a imaxe da portada do libro (se existe).



**Memorias dun neno labrego**  
 Autor/es: Neira Vilas, Xosé  
 Editorial: Edic. do Castro 1976  
 Serie: Narrativa

Localización: 869.9-31"19"/NEIRA VILAS, XO/memorias dun ne Estado: Dispoñible Rexistro: 4916


[\[Reservar exemplar\]](#) [\[Ver opinións\]](#) [\[Enviar opinión\]](#) [\[Ampliar imaxe\]](#)

Cando prememos no título accedemos a pantalla de detalle de rexistro. Por defecto os valores amosanse de forma etiquetada:



The screenshot shows the 'Ver detalle de rexistro' page in Internet Explorer. The URL is <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/DetalleRexistro.aspx?CodigoBiblioteca=CED018&Rexistro=4916&Formato=Etiquetas>. The page displays the book title 'Memorias dun neno labrego / [por] Xosé Neira Vilas', author 'Neira Vilas, Xosé', and publication 'Edic. do Castro, 1976 Edición: 6ª ed'. It also shows the language 'Idioma: glg País: esp: España', type 'Tipo rexistro: Material textual Nivel bibliográfico: Monografía', description 'Descripción: 132 p., 1 h : il ; 20 cm.', classification 'Clasificación: 869.9-31"19"', and series 'Serie: Narrativa 84-85134-70-2'. The status is 'Estado: Dispoñible' and location is 'Localización: 869.9-31"19"/NEIRA VILAS, XO/memorias dun ne Nº rexistro: 4916'. Navigation links include '[Reservar exemplar]', '[Ver opinións]', '[Enviar opinión]', '[Ver ISBD]', and '[Descargar en 2709]'. The left sidebar contains navigation links like 'A túa biblioteca', 'Buscar información', and 'Buscar na web'.


A ligazón [\[Ver ISBD\]](#) permítenos visualizar o rexistro en formato ISBD



The screenshot shows the 'Ver detalle de rexistro' page in Internet Explorer with the URL <http://www.opacmeiga.rbgalicia.org/DetalleRexistro.aspx?CodigoBiblioteca=CED018&Rexistro=4916&Formato=ISBD>. The page displays the book title 'Memorias dun neno labrego / [por] Xosé Neira Vilas.-- 6ª ed.-- [La Coruña] : Edic. do Castro, 1976.-- 132 p., 1 h : il ; 20 cm.-- (Narrativa)', author 'Neira Vilas, Xosé', and publication 'D.L. C.1362-2005.-- ISBN 84-85134-70-2.-- 869.9-31"19"'. The status is 'Estado: Dispoñible' and location is 'Localización: 869.9-31"19"/NEIRA VILAS, XO/memorias dun ne Nº rexistro: 4916'. Navigation links include '[Reservar exemplar]', '[Ver opinións]', '[Enviar opinión]', '[Ver Etiquetas]', and '[Descargar en 2709]'. The left sidebar contains navigation links like 'A túa biblioteca', 'Buscar información', and 'Buscar na web'.

A ligazón [*Descargar en 2709*] permítenos descargar o rexistro en formato ISO 2709. Se queremos incorporalo ao noso catálogo local, o descargaremos na carpeta situada na ruta:

**‘C:\Archivos de programa\Proxecto Meiga\2709’**



o Meiga o detectará de xeito automático e nos presentará a pantalla de importación de rexistros en formato 2709

**Importar datos en formato 2709**

Nome do arquivo de datos > C:\Archivos de programa\Proxecto Meiga\2709\4916.rtf

Nº rexistro inicial > 1

Procedencia > [dropdown]

Sección > [dropdown]

| Título                    | Importar Si/Non |
|---------------------------|-----------------|
| Memorias dun neno labrego | Si              |

Detectouse unha nova entrada na carpeta de descarga de arquivos en formato 2709. Este arquivo será eliminado despois de tratalo no momento en que se descargue este formulario.

**Incorporar** **Cancelar**



Premendo no botón 'Incorporar' quedará rexistrado no noso catálogo.

**Catalogación. [ Nº de Control: CED01820081 ]**

Rexistro > **1** Doc. > **a: Material textual**

C. barras > ISBN (020 \$a) > **84-85134-70-2**

**Limpar** **Gravar** **Eliminar** **Copiar** **Pegar**

|                     |                                                             |
|---------------------|-------------------------------------------------------------|
| Nivel bibliográfico | m: Monografía                                               |
| Data entrada        | 19/02/2008                                                  |
| Código datas        | s: Simple ou única                                          |
| Primeiro ano        | 1976                                                        |
| Segundo ano         | 0                                                           |
| País publicación    | esp: España                                                 |
| Idioma              | glg                                                         |
| Depósito legal      | C.1362-2005                                                 |
| CDU                 | 869.9-31"19"                                                |
| Títulos / Autores   | Memorias dun neno labrego<br>[por] Xosé Neira Vilas (Autor) |
| Encabez. principal  | Neira Vilas, Xosé                                           |
| Edición             | 6ª ed                                                       |
| Lugar pub/Editorial | [La Coruña]<br>Edic. do Castro                              |

Nivel bibliográfico **m: Monografía**

**Engadir** **Borrar** **Cambiar**